

Boas.... antes de ir de cabeza ás tarefas **LEDE ISTO POR FAVOR. É IMPORTANTE!!**

Como xa sabedes, xa vos subín ao noso blog da clase ([www.losviejalesdelcole.blogspot.com](http://www.losviejalesdelcole.blogspot.com)) as tarefas que debes facer para estes días. Están cada unha no apartado da materia correspondente. Buscades a etiqueta "Tarefa de... (a materia que sexa)".

Tamén vos dixen que o traballo de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais, así como, por suposto, o de Lingua Castelá está destinado aos dous sextos. Púxenme de acordo con Laura.

Tamén subirei o traballo que vos mande Dido, así xa o tedes todo xunto. Espero que non vos aturulledes moito. Crearei unha nova pestana para Matemáticas.

Ademais, para aquelas persoas que non levaron os libros para casa, escaneei os temas de Ciencias Naturais e Sociais e subinos ao blog.

Podedes engadir comentarios ou preguntas pinchando sobre "No hay comentarios". Así resulta máis interactivo.

## **Ben, como podedes organizar o voso traballo?**

1. Aconséllvos que cada día vos poñades a traballar no que máis vos apeteza, dedicándolle o tempo que querades. Cando vos empededes a cansar, deixades o que estabades facendo.
2. Entre materias podedes distraervos un pouco. Os videoxogos e a televisión non son a mellor forma de descansar a cabeza. Mellor é falar, moverse un pouco.
3. Marcade o tempo de descanso e respetádeo.

4. Non é preciso que esteades 5 horas seguidas coma no cole diante dos libros, xa que na casa o estudo adoita ser máis intenso.
5. Irei buscando exercicios online por se queredes repasar algún aspecto, como os adverbios, conxuncións, o aparato reprodutor.... sempre son máis entretidos.

Podedes contactar comigo a través do correo electrónico. Xa verei se podemos facer unha vídeoconferencia todxs xuntxs. Para iso precisaría que tiverades correo gmail (pode ser dalgún membro da familia).

## **TAREFA PARA O ESTADO DE ALARMA POR MATERIAS**

### **CIENCIAS SOCIAIS**

- Estudar todo o tema 2 para o exame previsto para o día que nos incorporemos ás aulas.
- Completar dous mapas de Europa:
  - mapa mudo físico de Europa con: países e a súas capitais (esto pódese atopar no tema 3) e máis os ríos.
  - Mapa mudo político de Europa cos:
    - Mares e océanos
    - Penínsulas
    - Illas
    - Golfos e cabos
    - Cordilleiras
- Facer un traballo (preferiblemente unha presentación en Power Point e, de non ser posible, á man) sobre o medio ambiente (páx. 38-39-40-41) para presentalo de forma oral. (individual)
- Facer exercicios das páxinas:
  - 41, exercicio 4
  - 44, completar o resumo
  - 45, exercicios 2, 6 e 8

## **CIENCIAS NATURAIS**

- Estudar o tema 4 (A reprodución humana) en previsión de exame o día seguinte ao de CC. Sociais.
- Facer os exercicios seguintes:
  - Páx. 68, ex. 1 e 2
  - Páx. 69, ex. 1 e 2
  - Páx. 70, ex. 1 e 2
  - Páx. 73, ex. 3 e 6
  - Páx. Resumo e exercicios 4,5,6,8

## **LINGUA CASTELÁ**

Estudar e facer os exercicios de repaso do tema e máis do repaso trimestral sobre:

No tema 7: o adverbio, campo semántico e familia de palabras

No tema 8: as proposicións e conxuncións

Estudar e repasar todos os tempos verbais do modo indicativo dos verbos regulares: aprender, partir e.... non me lembro do verbo da primeira conxugación?¿ Bueno, os que veñen nas últimas páxinas do libro.

## **LINGUA GALEGA**

Estudar e facer os exercicios do final dos temas 7 e 8.

Tema 7: polisemia e hominimia, preposicións, conxuncións e interxeccións, o *g / gu / gü*

Tema 8: enunciado, oración e texto e *// / i*.

Estudar e repasar todas os tempos verbais do modo indicativo e subxuntivo dos mesmos verbos que estabamos estudando; os das últimas páxinas.